

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXP. PTG 3/2009 “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DA OFICINA DE CAPTACIÓN E FINANCIAMENTO DE PROXECTOS”.

En data 8 de Xullo de 2009 e con base nas puntuacións obtidas, o Órgano de Contratación adxudicou provisionalmente á AIMEN - ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN METALÚRGICA DEL NOROESTE o contrato con número de expediente PTG 3/2009 “Servizo de asistencia técnica para a xestión da oficina de captación e financiamento de proxectos”.

Esta adxudicación provisional foi notificada á empresa adxudicataria e aos licitadores, ademais de ser publicada no Perfil do Contratante da páxina web www.tecnopole.es.

AIMEN - ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN METALÚRGICA DEL NOROESTE, procedeu a presentar en prazo a documentación requirida segundo se establece no correspondente prego de condicións.

Tendo en conta as consideracións anteriores, o Órgano de Contratación RESOLVE:

- 1) Elevar a definitiva a resolución de adxudicación provisional do 8 de xullo de 2009, pola que se adxudica á AIMEN - ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN METALÚRGICA DEL NOROESTE o contrato “Servizo de asistencia técnica para a xestión da oficina de captación e financiamento de proxectos” conforme á súa oferta por importe de 51.500 € (IVE incluído) e con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares que rexe a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación definitiva no Perfil do Contrante da web www.tecnopole.es e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

San Cibrao das Viñas, 29 de xullo de 2009.